



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 15 de maio de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta minutos do día quince de maio de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(343).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **2(344).-CORRECCIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O PROXECTO “FARO DA ESCOLA 2020” ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO, APROBADO EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14/05/2020. EXPTE. 18020/101.**

Dáse conta do informe-proposta de data 14/05/2020, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

–Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

–Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas

–Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno local na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o 14 de maio de 2020 adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** *Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do FARO DA ESCOLA 2020, á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.*

**Segundo.-** *Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 5 de maio de 2020.*

**Terceiro.-** *Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 5 de maio de 2020.*

**Cuarto.-** *Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 94.500,00 euros (IVE incluído), sendo o importe do IVE a cantidade de 16.400,83 euros.*

*O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.*

*O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de 78.099,17 euros.*

**Quinto.-** *Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

**Sexto.-** *Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a*



## Concello de Vigo

*consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa detectouse un erro nas datas de redacción do prego de prescricións técnicas particulares e no prego de redacción de cláusulas administrativas particulares, nos punto segundo e terceiro respectivamente.

- En consecuencia, o acordo debería quedar redactado como segue:

### ACORDO

**Primeiro.-** *Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do FARO DA ESCOLA 2020, á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.*

**Segundo.-** *Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 8 de maio de 2020.*

**Terceiro.-** *Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 8 de maio de 2020.*

**Cuarto.-** *Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 94.500,00 euros (IVE incluído), sendo o importe do IVE a cantidade de 16.400,83 euros.*

*O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.*

*O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de 78.099,17 euros.*

**Quinto.-** *Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

**Sexto.-** *Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(345).-RECOÑECEMENTO DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO, COMO CONSECUCENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19, E REANUDACIÓN DA SÚA EXECUCIÓN. EXPTE. 6479/241.**

Dáse conta do informe-proposta de data 15/05/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e o interventor xeral, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia



## Concello de Vigo

(PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de maio de 2018, adxudicou a UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)

O contrato se formalizou na data 24 de xullo de 2018 e ten un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de agosto de 2018, estando prevista a posibilidade de 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Segundo.-** En data 12 de marzo de 2020, a Alcaldía do Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acordase o peche ao público de todas as instalacións municipais (apartado 2º), relacionando no seu Anexo as principais instalacións afectadas, sen perxuízo da súa actualización na web municipal, entre as que se inclúe a Sala de estudos Mar de Vigo.

**Terceiro.-** Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Publicado este, a Resolución da Alcaldía de 14 de marzo, que no seu apartado 5º acorda “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19”.

**Cuarto.-** Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Quinto.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

**Sexto.-** O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 na súa disposición final 1ª engade dos apartados 7 e 8 e modifica os apartados 1, 3 e 6 do artigo 34 do RD-Lei 8/2020.

**Sétimo.-** O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo establece, no seu artigo 3, a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, a proposta, no seu caso, das comunidades autónomas e, á vista da evolución de indicadores.

**Octavo.-** A Orden SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, establece as condicións para dita flexibilización en relación a determinadas actividades, entre as que se atopa a apertura das bibliotecas, tanto de titularidade pública como privada para as actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en sala, así como para información bibliográfica e bibliotecaria.

**Noveno.-** Mediante resolución da Alcaldía de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

**Décimo.-** En data 04 de maio de 2020 a entidade UTE CONCELLO DE VIGO achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (CÓD. SOLICITUDE W429760-4592) escrito de solicitude de suspensión do contrato administrativo expte. nº 3725-321, de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 e para que, previos os trámites administrativos oportunos, se dite resolución que acorde a suspensión do referido contrato administrativo con todos os pronunciamentos que en dereito procedan. Xúntase Anexo I descritivo do persoal adscrito ao contrato.

**Undécimo-** En data 15 de maio de 2020, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local informa o seguinte:

#### **“ANTECEDENTES**

*I. Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.*

*II. Por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimiento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.*

*Realizada a reunión constitutiva do Comité na mesma data, propuxéronse unha serie de medidas destinadas a minimizar o risco de contaxio do coronavirus COVID-19, e a protección da poboación e dos empregados municipais, partindo das recomendacións efectuadas polas autoridades administrativas sanitarias, acordando o peche ao público das*



## Concello de Vigo

*instalacións municipais que se relacionan entre as que se inclúen os Centros Municipais de Distrito.*

*III. Por sendas Resolucións da Alcaldía de data 13 de marzo de 2020 adoptáronse acordos de modificación do primeiro paquete de medidas, e de aprobación dun segundo paquete de medidas, que contemplaba, no seu apartado segundo o establecemento do sistema de atención presencial na Casa do Concello con cita previa limitado a unha serie de oficinas.*

*IV. O Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activaba o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.*

*IV. Mediante Resolución da alcaldía do 14 de marzo de 2020 ordenouse: “Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19.”*

*V. Posteriormente por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19.*

*VI. Mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 20 estableceuse: “Continuar o peche das instalacións e actividades acordados por resolucións previas desta Alcaldía, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020 e do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19”.*

*VII. Tal e como consta en informe remitido o pasado 30 de marzo de 2020 ao servizo de Contratación, en relación á situación dos contratos do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o contrato de SERVICIOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO, adxudicado a UTE CONCELLO DE VIGO en expediente núm. 3725 /321, está suspendido desde o luns 16 de marzo de 2020.*

*VIII. O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 establece no seu artigo 34 que os contratos públicos de servizos e de subministros de prestación sucesiva, vixentes á súa entrada en vigor, cuxa execución resultase imposible como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración local para combatelo, quedasen automaticamente suspendidos dende que se produciu a situación de feito que impedía a súa prestación e ata que dita prestación poidese reanudarse.*

*Para a súa declaración esíxese que os contratistas soliciten do órgano de contratación a declaración da imposibilidade de cumprimento con motivo da crise do COVID-19 e achegue a documentación relacionada no apartado 1 do citado artigo para os contratos de servizos ou subministración, ou no apartado 4 para os de concesión de obras ou de servizos.*

*A tenor do anteriormente exposto, practicouse notificación á adxudicataria do servizo con Rexistro de saída de data 23 de marzo de 2020, dispoñible na sede electrónica desde o 26 de marzo de 2020; e remitiuse en data 24 de marzo de 2020 por correo electrónico ao coordinador dos Centros de Distrito e á responsable do contrato.*

*IX. En data 04 de maio de 2020 a entidade UTE CONCELLO DE VIGO achega a través do Rexistro Electrónico do Concello (CÓD. SOLICITUDE W429760-4592) escrito de solicitude de suspensión do contrato administrativo expte. nº 3725-321, de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 e para que, previos os trámites administrativos oportunos, se dite resolución que acorde a suspensión do referido contrato administrativo con todos os pronunciamentos que en dereito procedan. Xúntase Anexo I descritivo do persoal adscrito ao contrato.*

*X. O Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, modifica o dito Real Decreto 463/2020, e establece, no seu artigo 3 a posible adopción de medidas de progresión/regresión na desescalada polo Ministro de Sanidade, e á vista de evolución de indicadores.*

*Xa que logo, o pasado venres 8 de maio de 2020 mantívose conversa telefónica coa responsable da empresa e co coordinador dos Centros Municipais de Distrito a fin de que se fosen practicando as actuacións procedentes en previsión de que a partir do luns 11 de maio de 2020 (inicio da Fase I) e, unha vez publicadas as disposicións correspondentes, se comunicaría a necesidade de reanudar a prestación do servizo e da incorporación do persoal adscrito aos Centros Municipais de Distrito; téndose manifestado pola responsable da empresa que se iría preparando a documentación para sacar aos traballadores incluídos no ERTE.*

*XI. A Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade (BOE núm. 130 de 09/05/2020), cuxo ámbito de aplicación se estende ás unidades territoriais que se indican no Anexo, establece, no seu artigo 23, que poderá procederse á apertura das bibliotecas, tanto de titularidade pública como privada para as actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en salas, así como, información bibliográfica e bibliotecaria, sen que podan levarse a cabo actividades culturais, de estudo en sala ou de préstamo interbibliotecario, así coma calquera outro servizo destinado ao público distinto dos mencionados anteriormente. Tampouco se poderá facer uso de ordenadores e medios informáticos destinados para o uso público dos cidadáns, así como de catálogos de acceso público en liña ou catálogos en fichas da biblioteca. Todo o anterior, deberá facerse con observancia das normas de hixiene, prevención, e información, reguladas nos artigos 24 e 25 da mesma norma.*

*XII. Mediante Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a*





## Concello de Vigo

apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

XIII. En cumprimento do ordenado, e mediante notificación con Rexistro de saída de data 11 de maio de 2020 comunícase a necesidade de que, pola UTE CONCELLO DE VIGO, en calidade de adxudicataria do contrato de portería, control de accesos e atención ao público nas Oficinas de Distrito (expte. 3725-321) se practiquen as actuacións procedentes para proceder á reanudación da prestación obxecto do contrato, con incorporación efectiva do persoal adscrito con efectos do vindeiro venres 15 de maio de 2020 nas condicións establecidas polas autoridades sanitarias competentes, coa finalidade de que se poidan ir adoptando as medidas oportunas para a apertura nos Centros Municipais de Distrito nos termos e condicións que a tal efecto determine a concellería delegada de Participación Cidadá, permanecendo entanto suspendidas as actividades e a atención presencial ao público.

Á vista dos antecedentes, se emite o seguinte

### **INFORME**

#### **1. Tipo de contrato e formalización.**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de maio de 2018, adxudicou a UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321)

O contrato se formalizou na data 24 de xullo de 2018 e ten un prazo de 4 anos, contado a partir do 1 de agosto de 2018, estando prevista a posibilidade de 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

Polo seu obxecto é un contrato de servizos segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

**2. O obxecto do contrato conforme ao PCAP** é a prestación dos servizos de portería, control de acceso e atención ao público e ás entidades sen ánimo de lucro nos centros municipais de distrito dependentes do Servizo de Participación e Atención Cidadá.

**3. Prestacións que abarca o obxecto do contrato definidas no prego de prescricións técnicas particulares (PPT).**

De conformidade co PPT o servizo comprenderá as seguintes prestacións:

- Portería e control de accesos, que abarca as seguintes funcións:
  - Apertura e peche das instalacións debendo permanecer nas instalacións durante o horario establecido.
  - Atención ao público e entidades sin ánimo de lucro de forma presencial, telefónica e telemática, axudando aos usuarios a localizar e utilizar convenientemente as instalacións e informando dos servizos que se desenvolven nas mesmas, horarios, dirección, normativa do centro.

- *Vixilancia e control de accesos a instalacións municipais e, no caso de ser preciso, procederase á identificación persoal do visitante.*
- *Actualización do taboleiro de anuncios.*
- *Elaboración parte de incidencias.*
- *Coidar do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realizar as súas funcións.*
- *Rexistro do persoal de mantemento, reparacións e provedores que accedan á instalación.*
- *Para a adecuada realización das prestacións que abarca este contrato é preciso un persoal mínimo:*
  - *En cada centro deberá contar cun xestor de centro que se ocupe de abrir e cerrar ó mesmo, atender ós usuarios durante o tempo en que este permaneza aberto.*
  - *A lo menos cunha persoa responsable da coordinación de todos os centros, que será o interlocutor ante o servizo xestor.*
  - *A lo menos cunha persoa que realice tarefas de apoio ó/a coordinador/a é os xestores de centro.*

#### **4. Identificación das prestacións cuxa execución deveu imposible e xustificación da causa.**

*De conformidade co anteriormente exposto, cómpre informar que nesa etapa inicial de grave crise sanitaria con adopción de importantes restricións á mobilidade da poboación impostas polo estado de alarma e o peche de instalacións, concorren os requisitos esixidos para declarar a imposibilidade de execución do contrato de servizo con respecto á totalidade das prestacións definidas no prego de prescricións técnicas (PPT) do expte. 3725-321 desde o pasado 16 de marzo de 2020, como consecuencia do COVID-19 ou das medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración local para combatelo, resultando procedente a suspensión total do contrato desde esa data nos termos do disposto no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

#### **5. Medidas adoptadas polas administracións públicas que teñen incidencia na execución deste contrato.**

*En canto a imposibilidade de execución do referido contrato compre sinalar as medidas adoptadas polas administracións públicas para combater o COVID-19 que teñen incidencia na execución deste contrato.*

*- O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. (BOE 14 de marzo 2020), introducía no seu art. 7 importantes limitacións da liberdade de circulación das persoas e no seu artigo 10 suspendía a apertura ao público dos equipamentos e actividades relacionados no Anexo, entre outros, espectáculos públicos, lecer e diversión, auditorios, e salas de conferencias, salas de exposicións e salas multiuso.*

*- O Concello de Vigo adoptou as seguintes medidas:*



## Concello de Vigo

> *Resolución da alcaldía de 12 de marzo de 2020, pola que se acorda o peche ao público das instalacións municipais que se relaciona entre as que se inclúen os Centros Municipais de Distrito.*

> *Resolución da alcaldía de 14 de marzo de 2020 na que se dispón "Continuar o peche das instalacións e actividades ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, en substitución do disposto no apartado quinto da Resolución desta Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, relativa á ampliación do primeiro paquete de medidas polo COVID-19."*

> *Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 20 que dispón "Continuar o peche das instalacións e actividades acordados por resolucións previas desta Alcaldía, ao abeiro do establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020 e do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19".*

### **6. Reanudación da prestación do servizo**

*De conformidade co exposto nos antecedentes, as circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo como consecuencia das restricións impostas á cidadanía desde a declaración do estado de alarma e as sucesivas prórrogas, fóronse flexibilizando logo da aprobación mediante acordo do 28 de abril do Consello de Ministros de aprobación do Plan para a desescalada, e que culminan coa publicación do Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, de prórroga do estado de alarma (art 3) e concretamente, coa Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional en aplicación da Fase 1, posibilitando:*

*- unha maior actividade e liberdade de circulación da poboación*

*- a reanudación de actividades tales coma as contempladas no artigo 23 con respecto á apertura de bibliotecas para actividades de préstamo e devolución de obras, lectura en salas, así como, información bibliográfica e bibliotecaria, o que determina a necesidade da reanudación da súa prestación a fin de ir adoptando as medidas procedentes cara a apertura das instalacións por mor da progresiva flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade.*

*Xa que logo, coa desescalada e a conseguinte relaxación das limitacións que impedían a execución, e o progresivo aumento de demanda de información dos usuarios das Oficinas Municipais de Distrito de cada un dos centros, resulta motivada a reanudación das prestacións, para o que resulta necesaria a presenza do persoal adscrito ao contrato para a apertura e peche das instalacións durante o horario establecido, vixilancia e control de accesos a instalacións municipais e rexistro do persoal de mantemento, reparacións e provedores que accedan á instalación -ascensores, mantemento edificios, mantemento sistemas informáticos, de luz e son, etc - así como a actualización de información no taboleiro e elaboración de partes de incidencias, coa única salvidade da atención presencial aos usuarios que se desenvolverá telefónica e telematicamente mentres non se avance nas fases de desescalada.*

*A reanudación do contrato permitirá que en cada un dos CMD se leven a cabo as seguintes prestacións:*

*- aliviar ao servizo de Información 010, da sobrecarga que ven desenvolvendo desde o inicio da crise tendo asumido toda a atención telefónica e telemática provocada polo peche dos*

servizos municipais, e que se viu incrementada na última semana polas demandas de información sobre os CMD.

- preparar as instalacións para a atención presencial, adoptando as medidas de seguridade que corresponda (sinalamento de distancias, instalación de mamparas de protección, dispensadores de xel hidroalcohólico onde fose preciso, elaboración de protocolos de actuación para cumprimento de medidas de prevención de riscos, protocolos de desinfección, guías de recomendacións a usuarios, colocación de carteis informativos, etc).

- reactivación progresiva das actividades dos centros dacordo coas indicacións da concellería delegada de Participación Cidadá atendendo ás sucesivas fases da desescalada.

- fomento de actividades telemáticas entre os usuarios dos CMD.

Así mesmo e polo que respecta ao eido da Administración municipal, mediante Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 11 de maio de 2020, relativa ao vixésimo noveno paquete de medidas do Covid-19, ínstase no seu apartado primeiro, ás Concellerías Ddas. de Goberno a que procedan á adopción das medidas oportunas para a apertura das instalacións municipais nas condicións establecidas polas autoridades competentes.

Xa que logo e, en cumprimento do ordenado, resulta procedente comunicar a necesidade de que, pola UTE CONCELLO DE VIGO, en calidade de adxudicataria do contrato de portería, control de accesos e atención ao público nas Oficinas de Distrito (expte. 3725-321) se practiquen as actuacións procedentes para proceder á reanudación da prestación obxecto do contrato, con incorporación efectiva do persoal adscrito con efectos do vindeiro venres 15 de maio de 2020 nas condicións establecidas polas autoridades sanitarias competentes, coa finalidade de que se poidan ir adoptando as medidas oportunas para a apertura nos Centros Municipais de Distrito nos termos e condicións que a tal efecto determine a concellería delegada de Participación Cidadá. A atención ao público pasará a desenvolverse telefónica e telemáticamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan.

## **7. Proposición de declaración de suspensión e data na que se produce.**

### **Data efectiva da suspensión: 16 de marzo 2020.**

O obxecto principal do referido Contrato é a prestación dos servizos de portería, control de acceso e atención ao público e ás entidades sen ánimo de lucro nos centros municipais de distrito dependentes do Servizo de Participación e Atención Cidadá, polo que, como consecuencia das referidas medidas adoptadas polas administracións públicas para combater o COVID-19 se imposibilitou totalmente a prestación do servizo.

De conformidade co anteriormente exposto, cómpre informar que concorren os requisitos esixidos para declarar a imposibilidade de execución do contrato de servizo producida con respecto á totalidade das prestacións definidas no prego de prescricións técnicas (PPT) do expte. 3725-321 desde o pasado 16 de marzo de 2020, resultando procedente recoñecer a suspensión total do contrato desde dita data nos termos do disposto no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.



## Concello de Vigo

### **8. Proposición de reanudación total da prestación do contrato e data na que se produce.**

**Data efectiva da reanudación: 15 de maio de 2020.**

*De conformidade coas consideracións anteriormente expostas e, ao abeiro do cambio operado nas circunstancias que imposibilitaban a prestación do servizo, por mor da entrada en vigor de novas disposicións de flexibilización das restricións impostas á cidadanía en virtude do Plan para a transición cara unha nova normalidade, cómpre informar que resulta procedente a reanudación do contrato nos termos expostos con atención aos usuarios telefónica e telematicamente.*

*O que se comunica ao servizo de Contratación aos efectos de poder formular a correspondente proposta de resolución ao órgano de contratación para adopción do acordo.”*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### **SUSPENSIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS POR IMPOSIBILIDADE SOBREVENIDA DA SÚA EXECUCIÓN COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-19**

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

A norma aclara que:

- Non resultará de aplicación a esta suspensión a regulación xeral da suspensión na lexislación de contratos (artigo 208 da LCSP e artigo 220 do TRLCSP).
- Dita suspensión non constituirá en ningún caso causa de resolución do contrato.

O artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspende a apertura ao público dos equipamentos e actividades relacionados no Anexo, entre outros, espectáculos públicos, lecer e diversión, auditorios, salas de conferencias, salas de exposicións e salas multiuso.

Consonte as resolucións da alcaldía de data 12, 14 e 15 de marzo de 2020, acordase o peche ao público das instalacións municipais relacionadas no seu Anexo, entre as que se inclúen os Centros Municipais de Distrito.

De conformidade co Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, a Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade e, a resolución de alcaldía de data 11 de maio de 2020, procede a reanudación da execución total do contrato.

-II-

## **PROCEDIMENTO PARA A DECLARACIÓN DE IMPOSIBILIDADE DE EXECUCIÓN DOS CONTRATOS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, régúlase o seguinte procedemento para a declaración de imposibilidade de execución do contratos como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar dita declaración ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.

2.- Resolución: o órgano de contratación dispón dun prazo de 5 días naturais para ditar a resolución na que se aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

A posterior indemnización de danos e prexuízos deberá solicitala o contratista acompañándoa da documentación acreditativa da súa realidade e contía. So serán indemnizables os danos efectivamente sufridos polo contratista durante o período de suspensión.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento de imposibilidade de execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.



## Concello de Vigo

Asemade, o servizo xestor informa da reanudación da execución do contrato que terá lugar o vindeiro venres 15 de maio de 2020.

En consecuencia, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar o recoñecemento de imposibilidade total de execución do contrato dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expte 3.725-321) como consecuencia do coronavirus covid-19 e, a súa reanudación o venres 15 de maio de 2020 nos termos e condicións que a tal efecto determine a concellería delegada de Participación Cidadá. A atención ao público pasará a desenvolverse telefónica e telemáticamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan.

-III-

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

### ACORDO

*1º.- Recoñecer a imposibilidade total de execución do contrato dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expte 3.725-321) formalizado con "UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L" como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19 e, en consecuencia a súa suspensión con efectos desde o 16 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impediú a súa prestación.*

*2º.- Reanudar a execución total do contrato dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos Centros municipais de Distrito o venres 15 de maio de 2020, nos termos e condicións que a tal efecto determine a concellería delegada de Participación Cidadá. A atención ao público pasará a desenvolverse telefónica e telemáticamente en tanto non se proceda á atención presencial cando as condicións o permitan."*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez